Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Calendario

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Que fai o Demo na Noiteboa?

No concello de Vinhais (Portugal), lindante co da Mezquita (Ourense) dise que a noite da consoada (Noiteboa) algúns van ao monte coller érbedos (érvedos, medroñeiros, erbedros, esbedros, erbedeiras, moroteiros, morongueiros, morodoeiros, amoroqueiros ou albedros) e logo déixanos ao orballo da noite a ver se vén o Demo catalos. Non se recomenda comer máis dun froito cada vez pois teñen moito alcohol e son alucinóxenos; na Fonsagrada chámanlles □borrachiños□.

Polo visto é na Noiteboa cando o Demo abanea os érbedos para roubar os froitos, mais hai que ter moito tento pois penéiralles por riba unha poalla cor púrpura, seica fabricada nas mesmísimas *fornalhas* do Inferno.

Segundo a mitoloxía grega o érbedo xermolou do sangue verquido por Xerión cando o matou Hércules; en Roma este arbusto, símbolo da inmortalidade, estaba consagrado á ninfa Cardea.

Por certo, e ten que ser casualidade, xa ora; o aeroporto máis próximo á Torre de Hércules da Coruña, onde disque matou Hércules a Xerión, chámase Alvedro!



BIBLIOGRAFÍA

RODRÍGUEZ CRUZ, J., LOURENÇO FONTES, A., Mitos, crenzas e costumes da Raia Seca. A máxica frontera galego-portuguesa, Ir Indo, Vigo 2004.

MARTÍNS, P. FIRMINO, Folklore do Concelho de Vinahais, Vol, I e II, Edit. Cámara Municipal de Vinhais, 1987.